

SOMOS “NOSA TERRA”, PERO... POR QUÉ?? ...

En Pereiras (Mos), sendo as 21 horas do día 01 de marzo de 1980, en Asemblea Xeral de veciños convocada pola Xunta Directiva provisional da Asociación de Veciños de esta Parroquia, reúnen no adro da igrexa parroquial 51 veciños, maiores de idade na súa totalidade, para tratar asuntos de interese xeral para a parroquia.

A Xunta Provisional informa aos presentes de que días atrás persoáronse varios membros da mesma no Goberno Civil de Pontevedra para interesarse polo proceso de rexistro oficial da Asociación de Veciños. Neste lugar, indicóuselles que era preciso cambiar o patronímico asignado á asociación (“San Miguel”), por canto se interpreta que o mesmo é de uso xeral para toda a parroquia, e ningunha sociedade, asociación, etc., pode arrogarse o monopolio do seu uso. En consecuencia propóñense unha serie de novas denominacións por parte dos presentes que son postas a votación, rexistrándose o seguinte resultado do escrutinio: ->

A tenor do exposto, resulta aprobado por maioría de votos o patronímico “Nosa Terra” quedando en reserva todos os demais por orde de número de votos obtidos por se o primeiro fora legalmente rexeitado no Rexistro Oficial. E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 23 horas do día 01 de marzo de 1980.

Presidente: E.A. Campo Rguez. Secretario: A. González.

O RANKING DE VOTOS ...

NOSA TERRA	15
OS CASTROS	9
CATRO BARRIOS	7
PENEDO DA COBA	6
SANTA MARIÑA	5
NOSO LAR	2
UNIDADE	2
XUNTANZA	2
PERARIS	1
FOLLAS NOVAS	1
OS AMIGOS	1
CASTELAO	0
AGARIMO	0